



## CONCELLO DA PASTORIZA (LUGO)

Praza de Galicia, n.º 1 - C. P. 27287

Telf. 982 33 21 97 - Fax 982 33 22 33

e-mail: pastorizac@terra.com

## BASES PARA A SELECCIÓN EN RÉXIME DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DUNHA PRAZA DE ADMINISTRATIVO ADSCRITA Á OFICINA VETERINARIA.

### 1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

#### 1.1. OBXECTO

É obxecto da convocatoria a selección como persoal laboral temporal, dunha praza de ADMINISTRATIVO, a tempo parcial, adscrita aos servizos veterinarios en base á subvención concedida pola Excma. Deputación Provincial de Lugo mediante convenio subscrito con este Concello con data 14 de outubro de 2013 como acción potenciadora do medio rural en concreto do sector agrogandeiro na Terra Cha.

#### 1.2. FUNCIÓN DO POSTO DE TRABALLO

Son funcións propias do posto obxecto desta convocatoria as propias dun administrativo e tendo en conta a natureza do servizo ao que se adscribe o posto, en especial as seguintes:

- Funcións propias dos servizos veterinarios oficiais en materia de xestión de tramitacións
  - a) Cambio de datos persoais
  - b) Alta por nacemento
  - c) Duplicado de crotais
  - d) Declaración de movementos
  - e) Declaración de censo
  - f) Solicitud de guía
- Funcións complementarias de interese gandeiro
  - a) Información institucional de interese para os gandeiros: convocatorias de subvencións, liñas de crédito, novidades lexislativas ou modificación das mesmas no ámbito rural.
  - b) Información e asistencia na tramitación de subvencións relativas a gandería e agricultura.
  - c) Outras informacións de interese gandeiro (prezo de mercado de materias primas en orixe destinadas a alimentación do gando, prezo do leite, etc....)



## CONCELLO DA PASTORIZA (LUGO)

Praza de Galicia, n.º 1 - C. P. 27287

Telf. 982 33 21 97 - Fax 982 33 22 33

e-mail: pastorizac@terra.com

## 2. DURACIÓN DO CONTRATO, XORNADA LABORAL E RETRIBUCIÓNS

### 2.1. DURACIÓN

O contrato estenderase dende a formalización do contrato ata o 31 de xullo de 2015.

### 2.2. XORNADA

A xornada se traballo será de 20 horas semanais, prestadas en horario de 10:00 a 14:00 de luns a venres.

### 2.3. RETRIBUCIÓNS

As retribucións brutas mensuais do antedito posto serán de 819,62 euros brutos (euros) incluído o prorrato das pagas extras.

## 3. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Os/as aspirantes deberán reunir os requisitos xerais de titulación e as demais condicións esixidas para participar nas probas de acceso a categorías profesional correspondentes, en concreto:

- a) Ter nacionalidade española, ou ter nacionalidade doutro estado sempre que se cumpran os requisitos do artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, respecto ao acceso ao emprego público de nacionais doutros estados.
- b) Pósuir a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto.
- c) Ter cumplido dezaseis anos de idade e non ter cumplido a idade de xubilación ao tempo de finalización do prazo de presentación de solicitudes.
- d) No ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta o especial para emprego ou o cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo o escala de funcionario, ou para exercer funciones similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral.
- e) No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente ni ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, nos eu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- f) Estar en posesión ou en condicións de obter á data de finalización do prazo de presentación de instancias, do título de bachillerato, B.U.P., técnico especialistas ou equivalente:

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuér o documento que acrede fidedignamente a súa homologación.



## CONCELLO DA PASTORIZA (LUGO)

Praza de Galicia, n.º 1 - C. P. 27287

Telf. 982 33 21 97 - Fax 982 33 22 33

e-mail: [pastorizac@terra.com](mailto:pastorizac@terra.com)

- g) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións e, polo tanto, estar capacitado/a para o desempeño do posto de traballo ao que aspira.
- h) Cumprir todos os requisitos esixidos pola lexislación vixente en materia de contratación laboral.

### 4. SOLICITUDES

#### 4.1. FORMA, LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Os que desexen tomar parte neste proceso de selección deberán presentar a solicitude segundo modelo do anexo I destas bases que estará dispoñible nas oficinas municipais e na páxina web do Concello.

As solicitudes, que irán dirixidas ao Sr. Alcalde do Concello da Pastoriza, presentaranse no rexistro xeral do concello ou en calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común. As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán ir en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de correos antes de ser certificadas.

No caso de presentar a documentación a través dalgún dos medios previstos na lei 30/92 deberán poñelo en coñecemento do Concello remitindo copia da súa solicitude co rexistro de entrada da administración onde a presente, a través do fax (982 33 22 33) ou correo electrónico ([administracion@concellodapastoriza.es](mailto:administracion@concellodapastoriza.es)).

O prazo de presentación de solicitudes será de DEZ días (10) naturais a contar desde o seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

A convocatoria publicarase ademais no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina Web do concello ([www.concelloapastoriza.es](http://www.concelloapastoriza.es))

#### 4.2. DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBE ACHEGAR COA SOLICITUDE

As solicitudes deberán acompañarse necesariamente da seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do DNI ou equivalente para os ciudadáns da UE , pasaporte ou tarxeta de residente, no caso de naturais doutros países así como permiso de traballo ou a excepción á autorización de traballo no seu caso.
- Fotocopia compulsada da titulación esixida para o posto de traballo ou no seu defecto, certificado acreditativo da mesma ou xustificante de ter abonados os dereitos para a expedición.

No caso de terse obtido no estranxeiro deberá achegarse tamén a credencial que xustifique a homologación.

- Currcíulo e documentos que acrediten os méritos que se aleguen. (fotocopias compulsadas ou orixinais).



## CONCELLO DA PASTORIZA (LUGO)

Praza de Galicia, n.º 1 - C. P. 27287

Telf. 982 33 21 97 - Fax 982 33 22 33

e-mail: pastorizac@terra.com

---

Os méritos, aos que fai referencia o baremo deberán posuírse na data de remate do prazo de presentación de instancias, computándose en calquera caso ata a citada data.

En todo caso os méritos alegados e non aportados documentalmente dentro do prazo de presentación de instancias non serán tidos en consideración, nin se valorarán aínda que se acrediten fóra do prazo de presentación xa que non poderán emendarse. Tampouco se requirirá aos interesados para que os acrediten.

### 5. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Unha vez finalizado o prazo de presentación de instancias publicarase a lista provisional de admitidos e excluídos no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do mesmo.

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de tres días hábiles dende o día seguinte a súa publicación para emendar o defecto que motivou a súa exclusión ou omisión na relación provisional, en caso contrario quedarán definitivamente excluídos do proceso selectivo.

De non se formular reclamacións a lista entenderase que é definitiva; de existir algunha reclamación que supoña modificación da lista de admitidos e excluídos efectuaranse as correccións pertinentes e faranse públicas a través do taboleiro de anuncios da Corporación.

Na resolución en que se faga pública a lista definitiva de aspirantes tamén se indicará a composición da comisión de valoración e o día e hora sinalados para a o inicio do proceso de selección.

### 6. COMISIÓN DE VALORACIÓN

A comisión de valoración acomodarase o disposto nos artigos 60 e 61 do EBEP.

Será nomeada por Decreto da Alcaldía e a súa composición deberá responder aos principios de imparcialidade e profesionalidades dos seus membros. A totalidade dos membros da comisión deberá estar en posesión da titulación académica equivalente ou superior á esixida para a praza convocada.

A comisión de valoración estará integrada por:

Presidente: un funcionario ou persoal laboral dunha administración pública

Vogais:

- un funcionario ou persoal laboral dunha administración pública
- un funcionario ou persoal laboral dunha administración pública vinculado a áreas gandeiras ou agrarias

Secretario: un funcionario ou persoal laboral, dunha administración pública con voz e voto.



## CONCELLO DA PASTORIZA (LUGO)

Praza de Galicia, n.º 1 - C. P. 27287

Telf. 982 33 21 97 - Fax 982 33 22 33

e-mail: pastorizac@terra.com

---

A composición da comisión publicarase no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web xunto coa data de realización da entrevista sempre como mínimo 72 horas antes do seu inicio.

A comisión quedará validamente constituída coa presenza de tres dos seus membros, sendo en todo caso necesaria a presenza do presidente e do secretario.

A pertenza a comisión de valoración será sempre a título individual non podendo ostentarse esta en representación o por conta de ninguén.

A actuación da comisión deberá axustarse estritamente ás bases da convocatoria.

Non obstante, queda facultada para resolver as dúbidas que podan xurdir e tomar os acordos necesarios para o bo orde das probas en todo o non previsto nestas bases. Os acordos serán adoptados pola maioria dos asistentes con voz e voto, dirimindo os empates o voto de calidade do presidente.

A comisión poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas limitándose os devanditos asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

## 7. PROCEDEMENTO DA SELECCIÓN

### 7.1. SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de selección constará de dúas partes: concurso de méritos e entrevista.

### 7.2. CONCURSO

O baremo de méritos realizarase con carácter previo a entrevista.

NON se outorgará puntuación algunha os méritos que non estean debidamente xustificados documentalmente na forma prevista nesta bases.

Os méritos alegados polos aspirantes valoraranse tendo en conta o seguinte baremo:

A) Experiencia profesional.

A experiencia profesional valorarase ata un máximo de 5 puntos conforme a seguinte ponderación:

a) por desempeñar o ter desempeñado un posto/emprego igual ou similar ao que se convoca ou realizar funcións propias deste na administración pública como funcionario ou laboral

-en idéntico posto/emprego 0,08 puntos por mes completo

-en posto/emprego que se considere similar a puntuación será de 0,08 puntos por mes completo se fose dun grupo de titulación superior, de 0,06 puntos por mes completo se corresponde a un grupo da mesma titulación ou de 0,04 punto por mes completo cando se trate dun grupo de titulación inferior.



## CONCELLO DA PASTORIZA (LUGO)

Praza de Galicia, n.º 1 - C. P. 27287  
Telf. 982 33 21 97 - Fax 982 33 22 33  
e-mail: pastorizac@terra.com

- b) por desempeñar o ter desempeñado un posto/emprego igual ou similar ao que se convoca ou realizar as funcións propias deste en entidades privadas.

-en idéntico posto/emprego 0,04 puntos por mes

-en posto/emprego que se considere similar a puntuación será de 0,04 puntos por mes completo se fose dun grupo de titulación superior, de 0,03 puntos por mes completo se corresponde a un grupo da mesma titulación ou de 0,02 punto por mes completo cando se trate dun grupo de titulación inferior.

Entenderase por posto similar aquel que conteña varias das funcións propias do posto que se convoca ou funcións similares dentro dunha área de actividade ou grupo laboral.

Só se valorará a experiencia debidamente acreditada.

A experiencia acreditarase mediante certificado de servizos prestados, expedidos pola correspondente unidade de persoal no caso de experiencia adquirida na administración; se os servizos se prestaron en empresas privadas mediante certificado de vida laboral expedido pola tesourería xeral da seguridade social á que deberá acompañar certificado de empresa, ou contrato de traballo inscrito no servizo público de emprego estatal ou nóminas nos que se poida comprobar a duración do contrato e que a categoría profesional ou as funcións e tarefas realizadas se corresponden coas propias da praza ofertada.

2º Titulación académica. Puntuaranse as titulacións académicas distintas á esixida na convocatoria ata un máximo de 3 puntos. As titulacións valoraranse, sempre que o tribunal considere que están relacionadas coas funcións do posto de traballo. Se a titulación é do mesmo nivel que a esixida valoraranse a razón de 0,20 puntos. Se a titulación é de nivel superior á esixida valoraranse:

-0,50 puntos título de grado, diplomatura, formación de grado superior ou equivalente

-1,50 punto título de postgrado, licenciatura ou equivalente.

Cando a titulación de menor nivel sexa previa e imprescindible para a obtención da de nivel superior só se valorará esta última.

Acreditaranse mediante certificación ou copia compulsada do título correspondente.

3º Formación complementaria. Valoraranse os seminarios ou cursos de formación e perfeccionamento nas materias relacionadas cos cometidos e funcións da praza convocada, organizados, impartidos ou homologados polas administracións ou organismos públicos (por universidades, INAP, EGAP, escuela de formación de empleados públicos, organizacións sindicais, deputacións etc...) ata un máximo de 3 puntos e de acordo co seguinte baremo:

-De duración inferior a 20 horas: 0,10 puntos

-Entre 20 e 50 horas: 0,20 puntos



## CONCELLO DA PASTORIZA (LUGO)

Praza de Galicia, n.º 1 - C. P. 27287

Telf. 982 33 21 97 - Fax 982 33 22 33

e-mail: pastorizac@terra.com

---

-Entre 51 e 100 horas: 0,50 puntos

-Entre 101 e 300 horas: 0,75 punto.

-Máis de 300 horas: 1 punto.

Se non se indicase a duración valorase como o de menor duración.

Acreditaranse mediante certificación ou copia compulsada do título correspondente.

4º Formación informática: Valoraranse os cursos en informática impartidos polas administracións ou organismo públicos ou por centros homologados ata un máximo de 2 punto e de acordo co seguinte baremo:

-De duración inferior a 20 horas: 0,10 puntos

-Entre 20 e 50 horas: 0,20 puntos

-Entre 51 e 100 horas: 0,50 puntos

-Entre 101 e 300 horas: 0,75 punto.

-Máis de 300 horas: 1 punto.

No suposto de posuír máis dun curso na mesma materia ou especialidade só se valorará un deles. Se non se indicase a duración valorase como o de menor duración.

5º Por coñecemento do idioma galego ata un máximo de 1 punto.

CELGA 3: curso de iniciación, a súa validación, a proba libre de iniciación, curso de nivel elemental de lingua e cultura galega para estranxeiros, 1º curso da Escola Oficial de Idiomas: 0,25 puntos

CELGA 4: curso de perfeccionamento, a súa validación, curso medio de linguaxe administrativa galega, curso medio de linguaxe xurídica galega, curso de nivel medio de lingua e cultura galega para estranxeiros, 1º, 2º e 3º curso da Escola Oficial de Idiomas: 0,50 puntos.

CELGA 5: título de licenciado en filoloxía galega ou filoloxía hispánica (subsección de galego-portugués), a súa validación, curso superior de linguaxe administrativa galega, curso superior de linguaxe xurídica galega ou certificado do ciclo superior de galego da escola oficial de idiomas: 1 punto

Non poderán en ningún caso acumularse as puntuación polo distintos cursos ou titulacións, puntuándose en consecuencia polo curso ou titulación de nivel superior.

A formación xustificárase coa presentación da copia compulsada do títulos ou certificados dos cursos.



## CONCELLO DA PASTORIZA (LUGO)

Praza de Galicia, n.º 1 - C. P. 27287

Telf. 982 33 21 97 - Fax 982 33 22 33

e-mail: pastorizac@terra.com

---

### 7.3. ENTREVISTA CURRICULAR.

A entrevista terá como finalidade apreciar o dominio dos coñecementos, formación, estudos, e experiencia profesional acreditados no currículo e a súa adecuación á praza á que opta. Versará sobre o grao de formación en xeral e técnica valorándose tamén os seus coñecementos do mundo rural, e en concreto do municipio da Pastoriza, do sector primario e da actividade gandeira e agrícola así como a capacidade, aptitude e motivación dos aspirantes.

A entrevista consistirá nunha serie de preguntas iguais para todos os aspirantes e valorarase ata un máximo de 4 puntos.

### 7.4. DESENVOLVEMENTO DA SELECCIÓN.

Unha vez publicada a lista definitiva de admitidos na data sinalada en dita resolución convocarase a comisión de valoración para a baremación dos méritos de acordo co disposto na base 7.2 e a realización da entrevista.

Finalizado o baremo de méritos farase público o seu resultado a antes do inicio da entrevista curricular a cal que se realizará por orden alfabético dos aspirantes.

En caso de empate dirimirase pola maior puntuación obtida no apartado de experiencia profesional e se persistira o empate terase en conta a maior puntuación nos méritos segundo a orde prevista nestas bases.

## 8. PROPOSTA DE SELECCIÓN

Unha vez finalizado o proceso de selección realizarase proposta de contratación a favor do aspirante que obtivera a maior puntuación.

A lista de aspirantes por orden de puntuación así como a resolución na que se acorde a contratación do candidato/a seleccionado publicarase no taboleiro de anuncios e páxina web do Concello.

O resto dos aspirantes formarán unha bolsa de emprego, chamándoos por rigoroso orden de puntuación para a súa incorporación en caso de necesidade de ampliación das tarefas, baixas laborais, vacacións e outras vacantes que se puideran producir.


A vixencia da bolsa manterase mentres dure o contrato.

## 9. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN E CONTRATACIÓN

O aspirante proposto para ocupar a praza convocada, deberá presentar os documentos acreditativos de reunir os requisitos da convocatoria dentro do prazo de tres (3) días hábiles que contarán dende o seguinte ao da publicación da proposta de selección no taboleiro de edictos do Concello.

A xustificación das condicións dos aspirantes acreditarase coa seguinte documentación:

-Fotocopia compulsada da tarxeta sanitaria



## CONCELLO DA PASTORIZA (LUGO)

Praza de Galicia, n.º 1 - C. P. 27287

Telf. 982 33 21 97 - Fax 982 33 22 33

e-mail: pastorizac@terra.com

-Certificado médico oficial de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das tarefas para as que solicita ser contratado/a e, polo tanto, estar capacitado/a para o desempeño do posto de traballo ao que aspira.

-Declaración xurada ou promesa de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado por sentencia xudicial firme, nin estar incurso en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade para a función pública de conformidade coa lexislación vixente. (conforme ao Anexo II)

-Declaración xurada de cumplir todos os requisitos esixidos pola lexislación vixente en materia de contratación laboral.(conforme ao Anexo II)

- Número de conta

## 10. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Co aspirante seleccionado, unha vez constatado que acreditaron os requisitos esixidos na convocatoria, formalizarse un contrato laboral temporal de duración determinada por obra ou servizo determinado ao amparo do previstos no artigo 15.1 a) do texto refundido do estatuto dos traballadores.

## 11. NORMATIVA APLICABLE

As presentes bases adecúanse ao establecido na normativa reguladora do persoal ao servizo das administracións locais-.

-Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

-Real decreto lexislativo 781/1986, de 19 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

-Lei 7/2007, de 12 de abril, do estatuto básico da función pública.

-Lei 53/1984, de 26 de decembro de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

-Real decreto lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto dos Traballadores.

-Lei 30/1992 de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común

## 12.RECURSOS

As presentes bases e demás actos administrativos que se deriven do proceso selectivo a que se refiren as presentes bases poderán ser impugnadas polos interesados/as nos casos, termos e formas previstas na Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como no seu caso, na Lei 29/1998, de 13 de xullo reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.



## CONCELLO DA PASTORIZA (LUGO)

Praza de Galicia, n.º 1 - C. P. 27287  
Telf. 982 33 21 97 - Fax 982 33 22 33  
e-mail: pastorizac@terra.com

### 13. PUBLICIDADE

Atendendo ao principio rétor de publicidade das convocatorias e das súas bases, a convocatoria publicarse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e as bases de selección estarán publicadas no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.

Así mesmo infórmase que todos os anuncios a que se refiren as bases posteriores a publicación do anuncio de convocatoria faranse exclusivamente no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web.

A Pastoriza, 16 de decembro de 2013

O alcalde  
Primitivo Iglesias Sierra



## CONCELLO DA PASTORIZA (LUGO)

Praza de Galicia, n.º 1 - C. P. 27287

Telf. 982 33 21 97 - Fax 982 33 22 33

e-mail: pastorizac@terra.com

### ANEXO I

#### MODELO DE SOLICITUDE

D./D<sup>a</sup>.....DNI  
númer.....con domicilio  
en.....,localidade.....mu  
nicipio.....,da Provincia de .....,  
teléfono.....

#### EXPOÑO:

Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria aprobada polo Concello da Pastoriza para a contratación en réxime de persoal laboral temporal a tempo parcial para unha praza de administrativo adscrita á oficina veterinaria de conformidade co establecido nas bases aprobadas por Resolución da Alcaldía de data 18 de decembro as cales declaro coñecer e aceptar na súa integridade.

#### SOLICITO

Ser admitido/a no citado proceso de selección para o cal achego a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do DNI
- Fotocopia do título esixido na convocatoria ou titulación superior.
- Curriculum e documentación xustificativa dos méritos alegados.

A Pastoriza, .....de, ..... , de 2013

Sinatura:

Sr. Alcalde – Presidente do Concello da Pastoriza (Lugo)

En virtude do disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro de protección da intimidade da correspondencia e das comunicaciones de uso das ditas personas que se dirixen nos seus países, o Concello da Pastoriza ressalva expresamente que non se permite o acceso ao seu correo electrónico, privado, seleccionado deste Concello. Así mesmo podran exercitar os seus derechos de acceso, rectificación, cancelación e oposición directamente con escrito a Concello da Pastoriza, Praza de Galicia, 1 27287 A Pastoriza.



## **CONCELLO DA PASTORIZA (LUGO)**

Praza de Galicia, n.<sup>o</sup> 1 - C. P. 27287  
Telf. 982 33 21 97 - Fax 982 33 22 33  
e-mail: pastorizac@terra.com

## MÉRITOS ALEGADOS POLOS ASPIRANTES (BASE 7.2)

A).- EXPERIENCIA PROFESIONAL (MÁXIMO 5 PUNTOS)

- a) por desempeñar o ter desempeñado un posto/emprego igual ou similar ao que se convoca ou realizar funcións propias deste na administración pública como funcionario ou laboral \*

a) por desempeñar o ter desempeñado un posto/emprego igual ou similar ao que se convoca ou realizar funcións propias deste na administración pública como funcionario ou laboral \*

- b) por desempeñar o ter desempeñado un posto/emprego igual ou similar ao que se convoca ou realizar as funcións propias deste en entidades privadas.\*

.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....

B).- TITULACIÓN ACADÉMICA DISTINTA A ESIXIDA NA CONVOCATORIA (MÁXIMO 3 PUNTOS)

### C).- FORMACIÓN COMPLEMENTARIA (MÁXIMO 3 PUNTOS)

Nº ORDE	DENOMINACIÓN	HORAS
1		
2		
3		
4		
5		



## CONCELLO DA PASTORIZA (LUGO)

Praza de Galicia, n.º 1 - C. P. 27287

Telf. 982 33 21 97 - Fax 982 33 22 33

e-mail: pastorizac@terra.com

6	
7	
8	
9	
10	
11	
12	
13	
14	
15*	

### D).- FORMACIÓN INFORMÁTICA (MÁXIMO 2 PUNTOS)


Nº ORDE	DENOMINACIÓN	HORAS
1		
2		
3		
4		
5		
6		
7		
8		
9		
10 *		

### E).- CONOCEMENTO DO IDIOMA GALEGO FORMACIÓN INFORMÁTICA (MÁXIMO 1 PUNTO)

- CELGA 3: curso de iniciación, a súa validación, a proba libre de iniciación, curso de nível elemental de lingua e cultura galega para estranxeiros, 1º curso da Escola Oficial de Idiomas;
- CELGA 4: curso de perfeccionamento, a súa validación, curso medio de linguaxe administrativa galega, curso medio de linguaxe xurídica galega, curso de nível medio de lingua e cultura galega para estranxeiros, 1º, 2º e 3º curso da Escola Oficial de Idiomas;
- CELGA 5: título de licenciado en filoxoxía galega ou filoxoxía hispánica (subsección de galego-portugués), a súa validación, curso superior de linguaxe administrativa galega, curso superior de linguaxe xurídica galega ou certificado do ciclo superior de galego da escola oficial de idiomas

\*NO CASO DE QUE NON SEXA SUFICIENTE O ESPACIO PREVISTO NO MODELO PARA A ENUMERACIÓN DOS MÉRITOS ALEGADOS POLO ASPIRANTE REALIZARSE NUNHA FOLLA APARTE SEGUINDO A MESMA ESTRUTURA QUE NO MODELO

En virtude do disposto na Lei Orgánica 15/2007 de 15 de outubro de protección de datos de carácter personal, informamos que se está a recopilar datos personais para tratarlos pelo Concello da Pastoriza para fins de tramitación e expedición de certificados e outras documentación emitida polo Concello. As mesmas poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixindo-se ao Concello da Pastoriza, Praza da Galicia, 1. 27287 A Pastoriza.



## CONCELLO DA PASTORIZA (LUGO)

Praza de Galicia, n.º 1 - C. P. 27287

Telf. 982 33 21 97 - Fax 982 33 22 33

e-mail: pastorizac@terra.com

### ANEXO II

#### DECLARACIÓN XURADA

Don/Dona..... con  
D.N.I núm..... e domicilio  
en..... municipio de..... provincia  
de....., de conformidade co disposto na base 9ª da  
convocatoria para a contratación en réxime de persoal laboral a tempo parcial  
dunha praza de administrativo adscritoa á oficina veterinaria

#### DECLARO:

-Que reúno os requisitos esixidos na base terceira da convocatoria referidos á  
data de finalización do prazo sinalado para a presentación da solicitude.

-Que non fun separado/a, mediante procedemento disciplinario, do servizo de  
calquera administración pública, nin me atopo inhabilitado/a, nin estou incurso/a  
en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade para o desempeño  
de funcións dentro da administración pública.

-Que cumpro todos os requisitos esixidos pola lexislación vixente en materia de  
contratación laboral.

En ....., de ..... de 2013

(sinatura)